



CONCELLOS

COSPEITO

Anuncio

BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN DE 1 XEFE DE BRIGADA, 1 PEÓN CONDUTOR, 3 CONDUTORES DE MOTOBOMBA E 3 PEÓNS PARA A BRIGADA MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, DURANTE A CAMPAÑA DE INCENDIOS DE 2022, A XORNADA COMPLETA.

PRIMEIRO.- OBXECTO DA CONVOCATORIA O obxecto das presentes bases é regular a contratación temporal de oito traballadores para a brigada de prevención e defensa contra incendios forestais, no marco do Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Cospeito para a realización de acción de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2022, mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa.

As categorías serán as seguintes:

- Un xefe de brigada.
- Un peón condutor
- Tres peóns/operarios de brigada
- Tres condutores de motobomba

Os contratos asinaranse baixo a modalidade de *“contratos de duración determinada vinculados a programas financiados con fondos europeos (vinculados ao convenio coa Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia que está cofinanciado polo Feader dentro da submedida 8.3 “axuda para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes” do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) 2014-2020”*, eventuais por circunstancias da produción, a xornada completa, cunha duración de tres meses, con temporalidade ligada á duración do tempo asinado en Convenio.

O persoal contratado deberá ter unha disposición absoluta polas emerxencias que se poidan producir, e realizará labores de prevención de incendios forestais, sempre que non sexan requeridos para a defensa destes, durante cada un dos meses de vixencia do contrato, con plena dispoñibilidade, incluíndo traballos os domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias. O ámbito de actuación da brigada será o municipal, sen prexuízo de que, conforme á normativa aplicable, o persoal das brigadas municipais participe nas operacións de extinción e remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da Consellería competente en materia forestal, cando así se decida por parte do mando único e conforme o artigo 48.6 da Lei 3/2007 e o Plan de prevención y defensa contra los incendios forestales de Galicia (PLADIGA).

As labores a desenvolver consistirán nos seguintes traballos:

- Traballos de prevención de incendios, que consistirán na roza, rareo e eliminación de restos nos tres meses de operatividade da brigada ou a súa parte proporcional e desenvolveranse en vías e camiños forestais, áreas cortalumes o unas faixas de xestión da biomasa de titularidade municipal, ou en superficies sobre as cales o concello teña cesión de aproveitamento, uso e/ou desfrute, ou superficies de propietario descoñecido. Todo elo cando non sexa posible a mecanización de ditos traballos
- Intervención nos incendios forestais no ámbito municipal, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable o persoal das brigadas municipais participará nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da consellería competente en materia forestal cando así se decida por parte do mando único e conforme ao artigo 48 .6 da Lei 3/2007.
- Os traballos de extinción serán prioritarios con respecto aos de prevención.
- VMB.- Os vehículos deberán estar operativos 16 horas ó día, tendo plena dispoñibilidade, incluíndo nela os traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias, realizando labores de prevención e defensa contra os incendios forestais, sempre que nos sexan requeridos para a extinción destes.

SEGUNDA.- PUBLICIDADE As presentes bases íntegras publicaranse no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Cospeito así coma no Boletín Oficial da Provincia. Os resultados das probas, así como as citacións e emprazamentos aos aspirantes, publicaranse na sede electrónica do Concello de Cospeito.

TERCEIRA.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES:

A) REQUISITOS XERAIS Para seren admitidas no proceso, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos á data de finalización de presentación de solicitudes, e deberán gozar destes ao longo de todo o prazo de vixencia da relación laboral:

a) Ter nacionalidade española, ou ter nacionalidade doutro Estado sempre que se cumpran os requisitos do artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.

b) Ter cumpridos 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Posuir a capacidade funcional necesaria para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

d) Estar en posesión do estudo/ titulación esixida nas presentes bases (Anexo I). No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuir documento que acredite a súa homologación.

e) Non atoparse, no momento de formalización do contrato laboral temporal, incurso/a en causa de incompatibilidade con arranxo á lexislación vixente; nen estar separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que desempeñe no caso de persoal laboral no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

f) No seu caso, contar co tipo de carné de conducir en vigor esixido segundo o posto de traballo ao que se opte.

g) Coñecemento da lingua galega: De acordo ao establecido no artigo 35 do Decreto Lexislativo 1/2008: Para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na Administración Pública de Galicia e para garantir o dereito das administradas e dos administrados ao uso do galego nas relacións coa Administración pública no ámbito da Comunidade Autónoma, e a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, que determina o artigo 6º.3 da Lei de Normalización Lingüística, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia incluírase un exame de galego, salvo para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente.

Polo tanto, quen non acredite o coñecemento do galego mediante a aportación do CELGA, deberá superar unha proba tipo test sobre o coñecemento do idioma galego.

B) REQUISITOS ESPECÍFICOS: Sinalados no Anexo I. Os interesados deberán aportar xunto coa instancia de participación os documentos acreditativos dos requisitos esixidos nesta base.

No caso de non acreditar estar en posesión de todos os requisitos serán excluídos do proceso selectivo.

CUARTA. SOLICITUDES/ INSTANCIAS

A) Presentación de solicitudes

Os interesados/as dirixirán as súas solicitudes no modelo oficial que se publica como Anexo II destas bases e que tamén se facilitará nas oficinas municipais, ao Sr. Alcalde do Concello de Cospeito acompañadas da documentación que se sinala no apartado B da base CUARTA; sendo admitidas as persoas arpirantes que presenten ditas solicitudes no prazo indicando e cumprindo os requisitos establecidos nas presentes bases.

Os aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo na solicitude, precisando o grao de minusvalía e as adaptacións de tempo e medios para a realización das probas.

B) Documentación a presentar coa solicitude

a) Copia do D.N.I. ou pasaporte. Ademais, os aspirantes extranxeiros deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgún dos Estados ós cales, em virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexan de aplicación a libre circulación de traballadores.

b) Copia da titulación e do carnet de conducir do tipo esixido, segundo o posto.

c) Copia dos documentos que acrediten a posesión dos méritos presentados polo aspirante para a súa valoración na fase de concurso. Os méritos que non estean acreditados tal e como se sinala en cada apartado da fase de concurso non poderán ser valorados.

d) Declaración responsable segundo modelo incluído nas presentes bases.

e) Autorización para realizar a proba física de esforzo que deberá realizar xunto co recoñecemento médico previo á contratación segundo modelo incluído nas bases.

C) Lugar de presentación

A presentación das solicitudes farase no Rexistro Xeral do Concello de Cospeito ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, incluída a sede electrónica municipal, non sendo válido o envío a través de correo electrónico.

D) Prazo de presentación

O prazo de presentación das solicitudes será de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

QUINTA. ADMISIÓN/ EXCLUSIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará unha resolución no prazo de 5 días hábiles, que se publicará na sede electrónica do Concello de Cospeito declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión e outorgando o prazo de 2 días hábiles, a contar dende o seguinte ao da publicación da dita resolución, para presentaren as reclamacións oportunas ou emendaren os defectos existentes, nos termos do artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a listaxe de persoas admitidas.

Transcorrido o prazo de emenda de defectos, a Alcaldía declarará aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se publicará na sede electrónica do Concello de Cospeito, na citada resolución fixarase a composición do Tribunal.

SEXTA. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O Tribunal cualificador será designado pola Alcaldía, en virtude do establecido no artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e, en base ao establecido pola Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia e Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

O Tribunal terá a composición seguinte:

- Presidencia (Titular e suplente): Unha persoa funcionaria de carreira ou laboral fixo pertencente a un corpo ou escala para o ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.
- Vogalías (Titulares e suplentes): Tres persoas funcionarias de carreira ou laborais fixos pertencentes a un corpo ou escala para o ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.
- Secretaría (Titular e suplente): Secretario do Concello ou quen legalmente a substitúa.

A composición do tribunal, que se dará a coñecer xunto coa relación definitiva de persoas admitidas, deberá axustarse aos principios de imparcialidade e tenderá a paridade entre homes e mulleres.

O Tribunal non poderán constituírse nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso as persoas que ocupen a Presidencia e a Secretaría, ou persoas en quen deleguen.

De todas as reunións que faga o Tribunal, quen asuma a Secretaría redactará a correspondente acta.

Os membros do Tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade que convoca cando concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

As persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

O Tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases, así como nos casos non previstos polas mesmas.

SÉTIMA. SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o concurso-oposición.

I.- Fase de concurso (máximo 40 puntos). Serán valorados os méritos aportados polos aspirantes dentro do prazo de presentación de instancias:

A) Experiencia laboral (máximo 20 puntos)

Por ter prestado servizos na mesma categoría e ocupación para a que solicita a participación en administracións públicas: - 0,05 puntos por mes traballado, ata un máximo de 20 puntos.

Este mérito acreditarase das seguintes maneiras:

- a) Ben a través da presentación do certificado de servizos prestados no que conste o posto/praza desempeñado e a súa duración.
- b) Ben a través da presentación dos contratos de traballo xunto co informe de Vida Laboral onde se poida acreditar as funcións desempeñadas e a súa duración.

B) Cursos de formación e perfeccionamento (máximo 20 puntos)

Os cursos de formación impartidos por universidades, escolas de administración pública, organismos de titularidade pública, ou demais entes de similar condición á anterior relacionados coa protección do ecosistema e efectos do lume, comportamento do lume, técnicas de extinción, apertura dunha liña de defensa, mantemento de ferramentas, manexo da emisora, seguridade e, en xeral, de protección de incendios, puntuaranse dacordo co seguinte sistema de baremación:

- Por cada curso de 60 ou máis horas de duración: 1 punto.
- Por cada curso de entre 30 e 59 horas de duración: 0,50 puntos.
- Por cada curso de entre 10 e 29 horas de duración: 0,25 puntos.

Os cursos de formación acreditaranse presentando a copia do diploma no que se especifique a denominación da acción formativa, o número de horas e o contido do curso formativo.

II.- Fase de oposición (máximo 60 puntos).

Consistirá na realización dunha proba a determinar polo tribunal, non tendo por que ser o mesmo tipo de proba para cada un dos distintos postos a cubrir:

1.º exercicio: Proba física de esforzo de carácter obrigatorio e eliminatorio. A súa cualificación será apto/ non apto e só se permite un intento. A calificación como NON APTO suporá a imposibilidade de presentarse ao segundo exercicio.

2.º exercicio: A proba práctica consistirá na realización dalgún cometido relacionado co posto a desempeñar e irá encamiñada a demostrar a capacidade da persoa para a realización das funcións do emprego que se convoca valorándose a calidade e rapidez na execución das tarefas. Esta proba é obrigatoria. A proba práctica puntuarase ata un máximo de 60 puntos. Os membros do tribunal, á vista das puntuacións obtidas polos aspirantes, poderán determinar a existencia dunha nota de corte para a superación da proba.

OITAVA. CUALIFICACIÓN DEFINITIVA A orde de clasificación definitiva de tódolos aspirantes virá determinada pola suma das puntuacións totais obtidas nas fases de concurso e oposición, determinando a lista o/s aspirante/s aprobado/s.

NOVENA. PROPOSTA DE CONTRATACIÓN O Tribunal, á vista da lista dos aspirantes seleccionados, realizará proposta de contratación ante a Alcaldía deste Concello, publicándose no Taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Cospeito. En ningún caso o tribunal calificador baixo sanción de nulidade absoluta ou de pleno dereito poderá propor para a contratación maior número de aspirantes que empregos convocados.

DÉCIMA. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS A/s persoa/s propostas para a contratación deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello de Cospeito ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas a súa tarxeta sanitaria ou documento no que conste o seu número de afiliación á Seguridade Social e documentación acreditativa do seu número de conta bancaria ao obxecto de formalizar os contratos de traballo e de ser dados de alta na Seguridade Social unha vez superen o recoñecemento médico e a proba física de esforzo.

UNDÉCIMA. RECOÑECEMENTO MÉDICO E PROBA FÍSICA DE ESFORZO. Os aspirantes seleccionados, ao abeiro da normativa de aplicación e coas condicións do convenio asinado coa Xunta na materia, estarán obrigados a realizar antes da súa contratación un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo nos días, horas e lugares que unilateralmente estableza o Concello de Cospeito. A non superación do recoñecemento médico ou da proba física de esforzo será causa de non contratación do traballador/a seleccionado/a.

DUODÉCIMA. REALIZACIÓN DUN CURSO DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS. Os aspirantes están obrigados, con anterioridade ao inicio da operatividade ou, no seu defecto, nos dous primeiros días do inicio da operatividade da brigada a realizar un curso de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas como mínimo que será impartido por persoal competente na materia aínda que xa o teñan realizado en anos anteriores. A non realización do curso de formación suporá o cese do traballador por incumprimento desta base. O curso de formación versará sobre as seguintes materias, coa distribución horaria que se recomenda:

- A prevención e a defensa contra os incendios forestais en Galicia, 1 h · Comportamento do lume. Factores que inflúen na evolución do lume, 1 h · Ferramentas, 1 h · Extinción e liquidación, 1,5 h · Condución de vehículos todoterreo, 0,5 h · Seguridade laboral en incendios forestais, 1 h · Primeiros auxilios, 2 h · Traballo co vehículo motobomba 2,5 h · Liñas de defensa e ferramentas, 2,5 h · EPI e comunicacións, 1 h · Seguridade e saúde e partes, 1 h · Medios aéreos de embarque e desembarque. Posición de seguridade en descargas, 1 h

DECIMOTERCEIRA: BOLSA DE TRABALLO As persoas que figuren na lista de cualificación final por superar o proceso selectivo sen ser seleccionados pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo. A esta bolsa de traballo poderá acudir o Concello no caso de que algún dos aspirantes seleccionados non se incorpore ou cese, ao obxecto de garantir que a prestación do servizo quede cuberta.

DECIMOCUARTA. RECURSOS.

As presentes bases, así como cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, do Procedemento

administrativo común das Administracións Públicas. Asimesmo, a xurisdicción competente para resolver as controversias em relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdicción Social. Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer polos interesados recurso de reposición ante a alcaldía no prazo dun mês, previo ó contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado Contencioso-administrativo ou, a partir do día seguinte ó de publicación do seu anuncio no BOP.

ANEXO I

CONDICIÓN ESPECÍFICAS PARA CADA POSTO DE TRABAJO

1.- XEFE DE BRIGADA

- a) Relación laboral co Concello: Personal laboral temporal
- b) Horario e condicións do posto de traballo: tanto o horario de traballo como os traballos concretos a desempeñar serán indicados polo responsable do departamento correspondente segundo as necesidades do servizo, podendo ser o horario a xornada partida ou de tarde e incluír as fins de semana e festivos, sempre respectando a normativa laboral aplicable.
- c) Titulación requirida: Enxeñería de Montes, Enxeñería Técnica Forestal, Técnico/a superior en xestión forestal e do medio rural, técnico/a en aproveitamento e conservación do medio rural, técnico/a en emerxencias e protección civil ou formación profesional equivalente.
- d) Requisitos específicos: carné de conducir tipo B en vigor

2.- PEÓN CONDUTOR

- a) Relación laboral co Concello: Personal laboral temporal.
- b) Horario e condicións do posto de traballo: tanto o horario de traballo como os traballos concretos a desempeñar serán indicados polo responsable do departamento correspondente segundo as necesidades do servizo, podendo ser o horario a xornada partida ou de tarde e incluír as fins de semana e festivos, sempre respectando a normativa laboral aplicable.
- c) Titulación requirida: Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria, graduado escolar ou certificado de escolaridade.
- d) Requisitos específicos: carné de conducir tipo B en vigor

3.- PEÓN/ OPERARIO BRIGADA

- a) Relación laboral co Concello: Personal laboral temporal
- b) Horario e condicións do posto de traballo: tanto o horario de traballo como os traballos concretos a desempeñar serán indicados polo responsable do departamento correspondente segundo as necesidades do servizo, podendo ser o horario a xornada partida ou de tarde e incluír as fins de semana e festivos, sempre respectando a normativa laboral aplicable.
- b) Titulación requirida: Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria, graduado escolar ou certificado de escolaridade.
- d) Requisitos específicos: non se esixe ningún.

4.- CONDUTOR MOTOBOMBA

- a) Relación laboral co Concello: Personal laboral temporal
- b) Horario e condicións do posto de traballo: tanto o horario de traballo como os traballos concretos a desempeñar serán indicados polo responsable do departamento correspondente segundo as necesidades do servizo, podendo ser o horario a xornada partida ou de tarde e incluír as fins de semana e festivos, sempre respectando a normativa laboral aplicable.
- c) Titulación requirida: Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria, graduado escolar ou certificado de escolaridade.
- d) Requisitos específicos: carné de conducir tipo C en vigor

ANEXO II

Procedemento: Selección de persoal de brigadas e motobomba ano 2022. Convenio Interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Cospeito para a realización de acción de prevención e defensa consta os incendios forestais durante o ano 2022. Cofinanciado parcialmente co FEADER no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

MODELO DE INSTANCIA D/a.....

.....provisto/a de D.N.I. nº..... con enderezo na
R/.....nº..... piso.....
C.Postal.....Localidade.....
Municipio.....Provincia.....Teléfono..... Enterado/a da convocatoria
pública realizada polo Concello de Cospeito para a contratación de operarios/as para a prevención e extinción de
incendios forestais.

- Un xefe de brigada.
- Tres conductores de motobomba
- Un peón conductor.
- Tres peóns de brigada.

MARCAR A CATEGORÍA PARA A QUE SE SOLICITA

DECLARO:

1º.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.

2º.- Solicito ser admitido/a ó referido procedemento de selección, e comprométome a someterme ás bases que o regulan.

En Cospeito, de de 2022

Asdo:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE COSPEITO

ANEXO III

Procedemento: Selección de persoal de brigadas e motobomba ano 2022. Convenio Interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Cospeito para a realización de acción de prevención e defensa consta os incendios forestais durante o ano 2022. Cofinanciado parcialmente co FEADER no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020. CONSENTIMENTO CON COÑECEMENTO DE CAUSA.

DON, con D.N.I, como parte do proceso de selección de 3 CONDUCTORES DE MOTOBOMBA, 1 XEFE DE BRIGADA, 1 PEÓN CONDUCTOR E 3 PEÓNS PARA A BRIGADA MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA DE CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, entendo que se me pedirá levar a cabo diversas probas para valorar o meu nivel de aptitude biolóxica en caso de resultar seleccionado.

Entendo que teño liberdade para formular calquera pregunta sobre calquera proba. Se por algún motivo non poido realizar algunha proba informarei ó administrador. Existen certos riscos asociados á realización das probas entre eles respostas anormais da tensión arterial ou da frecuencia cardíaca, trastornos nos latidos cardíacos, desmaios e en casos raros, ataques cardíacos, apoplexia ou morte. Posto que o meu estado de saúde pode afectar directamente á miña seguridade durante o exercicio, poñerei ó corrente ó administrador de tódolos meus problemas de saúde. Asimesmo informarei con prontitude sobre calquera molestia ou dor asociados cunha determinada proba ós administradores. A inscrición para participar no proceso de selección é voluntaria e entendo que son libre de retirarme de calquera proba, en calquer momento por razóns de saúde. Igualmente autorizo ó Concello a realizar todas as probas necesarias para verificar o cumprimento das condicións de capacidade funcional necesarias para o desenvolvemento do posto de traballo mediante a realización do pertinente recoñecemento médico incluídas probas de alcoholemia e toxicolóxicas. A información sobre a miña persoa e estado de saúde resultante de dito recoñecemento terá a consideración de datos de carácter persoal incorporándose ó expediente de selección e non será revelada a ningún extrano sen a miña autorización escrita.

Lin e acepto este formulario e dou o meu consentimento escrito para participar neste proceso de selección.

En Cospeito a de de 2022.

Asdo.

ANEXO IV.

Procedemento: Selección de persoal de brigadas e motobomba ano 2022. Convenio Interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Cospeito para a realización de acción de prevención e defensa consta os incendios forestais durante o ano 2022. Cofinanciado parcialmente co FEADER no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/a.....provisto de DNI nº....., con domicilio na R/..... núm.piso..... C.P..... Localidade,Municipio..... Provincia.....Teléfono.....

DECLARO: Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado, de non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

Cospeito a , de de 2022

Asdo:

Cospeito, 19 de xullo de 2022.- O alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 2093

Anuncio

BASES PARA A PROVISIÓN DE 1 PRAZA DE PEÓN CONDUCTOR PARA O CONCELLO DE COSPEITO AO ABEIRO DO PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2022.

1.- OBXECTO.

O obxecto das presentes bases é regular o proceso selectivo para cubrir como persoal laboral temporal mediante concurso-oposición 1 praza de peón conductor (categoría PEON) para o Concello de Cospeito ao abeiro das bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022 da Deputación Provincial de Lugo ao abeiro do "Programa Fomento do emprego" polo que se achega ao Concello de Cospeito a Cantidade de 34.000€.

O proceso selectivo será o concurso-oposición, conforme ao disposto no artigo 61, apartados 1 e 3 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro (en diante TRLEBEP).

2.- TEMPO E DURACIÓN DO CONTRATO.

A modalidade de contratación será laboral temporal na modalidade de circunstancias de produción ao amparo do Real Decreto -lei 32/2021

A duración do contrato será de 5 meses .

A persoa que resulte seleccionada estará sometida ó réxime de incompatibilidades que determina a lexislación do empregado público de Galicia.

3.- LEXISLACIÓN APLICABLE.

Esta contratación laboral rexeráse polo disposto:

- No artigo 15.1, a) do Texto Refundido do Estatuto dos traballadores aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos Traballadores.

-Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas).

-Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réximen local.

- Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto lexislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas).

- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local Galicia.

-Lei 2/2007, de 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

-Real Decreto 896//1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.

- Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.

- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.

-Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre incompatibilidades do Persoal ao Servizo da Administracións do Estado, da Seguridade Social e Dos entes, Organismos e Empresas dependentes.

-Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

-Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

- Asemesmo esta contratación rexeráse polo establecido no Plan único de Colaboración cos concellos da Deputación Provincial de Lugo.

4.- FINANCIAMENTO.

As presentes contratacións están financiadas pola Deputación Provincial de Lugo ó Concello de Cospeito abeiro do programa fomento do emprego 2022.

5.- PUBLICIDADE.-

As presentes bases serán publicadas na páxina web do Concello, no Taboleiro de Anuncios, na páxina web da Deputación Provincial de Lugo e, en extracto, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

6.- REQUISITOS E CONDICIÓNES ESIXIDOS ÓS/ÁS CANDIDATOS/AS.

a) Idade: Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

b) Titulación: Título de Certificado de escolaridade ou equivalente,

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá estarse en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

c) Nacionalidade: Ser de nacionalidade española ou de nacionalidade dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, ou nacional dalgún Estado, ao que en virtude dos tratados internacionais celebradas pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadoras/es.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, a/o cónxuxe das persoas de nacionalidade española ou dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, cando así o preveña o correspondente tratado, e as nacionais dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadoras/es, sempre que non estean separadas de dereito, así como ás/aos descendentes de ámbolos cónxuxes, de menos de vinte e un anos ou maiores desta idade que vivan ás súas expensas.

d) Capacidade: Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

e) Habilitación: Non estar separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Os/as aspirantes que non tiveran a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

f) Incompatibilidade: Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

g) Coñecemento da lingua galega: Para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na Administración Pública de Galicia e para garantir o dereito das administradas e dos administrados ao uso do galego nas relacións coa Administración pública no ámbito da Comunidade Autónoma, e a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, que determina o artigo 6º.3 da Lei de Normalización Lingüística, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia incluírase un exame de galego, salvo para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente.

Polo tanto, quen non acredite o coñecemento do galego mediante a aportación do CELGA, deberá superar unha proba tipo test sobre o coñecemento do idioma galego.

h) Certificación expedida polo Servicio Público de Emprego na que acredite que é demandante de emprego.

i) Estar en posesión do permiso de conducir tipo C, ademais dos requisitos anteriormente mencionados .

7.- FUNCIONÉS.

- O posto está vinculado á área de traballos de operario conductor do concello de Cospeito, e adcrito ó funcionamento e mantemento de tódalas instalacións de propiedade municipal, en especial vías públicas, parques e xardíns, redes de auga e alcantarillado, mobiliario urbano, de que é titular o Concello.

- Calquer outro cometido que seña encargado pola Alcaldía de natureza semellante as funcións anteriormente relacionadas que puideran xurdir no servizo polo que deberá estar preparado para calquera urxencia e localizable por medio de teléfono móbil para respostar a calquera incidencia que se produza no mesmo.

A xornada laboral poderá coincidir en domingo e festivo.

A Corporación resérvase a facultade de establecer no horario as modificacións que se consideren oportunas para o mellor desempeño do servizo, según as necesidades que xurdan, respetando as normas legais aplicables sobre a xornada de traballo e descansos

8.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS E ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Concurso-oposición.

Garantizarase a publicidade da convocatoria así como o cumprimento dos principios de libre concorrência, mérito e capacidade.

Para tomar parte na selección as persoas interesadas deberán solicitar a súa participación mediante unha instancia solicitando formar parte no proceso selectivo dirixida ó Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Cospeito.

Presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Cospeito, debidamente cubertas segundo o anexo I, durante o prazo de 5(cinco) días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Poderán así mesmo remitirse na forma determinada na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público e Lei 39/2015, de 1 outubro, do procedemento administrativo comun as administracións públicas. Se se opta pola presentación noutros rexistros, deberá remitirse por fax (982-520102) ó Concello de Cospeito unha copia da instancia o mesmo día de presentación no rexistro correspondente.

Xunto coa instancia presentárase a seguinte **documentación** (orixinal ou compulsada) :

- Fotocopia do DNI do interesado ou documento equivalente.
- Titulación académica. Fotocopia do Título de Graduado Escolar ou equivalente; ou documento xustificativo do pagamento das taxas por expedición do Título, cando aínda non se posúa o mesmo.
- Fotocopia da documentación acreditativa de méritos que se alegan, e que se sinalan no baremo nos termos sinalados na cláusula 10B.
- Fotocopia da documentación acreditativa do coñecemento da lingua galega, de ser o caso.
- Certificación expedida polo Servicio Público de emprego no que acredite que é demandante de emprego.
- Permiso de conducir tipo C

Rematado o prazo de presentación de instancias, por Resolución de Alcaldía aprobarase a lista provisional de admitidos/as e excluído/as, que se publicará no Taboleiro de Anuncios do Concello, outorgando un prazo de 2 días hábiles para correccións ou emenda de defectos. De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a lista de admitidos.

Transcorrido o prazo de reclamacións, deberá tomarse novo acordo estimándooas ou desestimándooas con publicación da lista definitiva no taboleiro de anuncios do Concello.

9.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

1. O Tribunal cualificador estará constituído polo persoal que estableza ao efecto a resolución de alcaldía que se dicte, debendo axustarse ao establecido no artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

2. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente e o secretario ou persoas en quen deleguen. De tódalas reunións que celebre o tribunal, o/a secretario/a redactará a correspondente acta.

3. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concurren neles algunha das circunstancias previstas na lexislación vixente art. 23 da Lei 40/2015 RXSP . Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 do mesmo texto legal.

4. O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a valoración dos méritos, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do concurso en todo o que non estea previsto nas Bases.

5. O tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas cando as circunstancias ou a valoración dos méritos así o aconselle.

6. O tribunal no poderá aprobar nin declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ao de postos convocados, aínda que co resto de participantes non seleccionados se establecerá unha lista de reserva para cubrir as posibles vacantes que puideran producirse.

7. O tribunal cualificador adoptará as medidas necesarias para establecer as adaptacións e axustes razoables, tanto en tempos como en medios, no proceso selectivo para os aspirantes con discapacidade, cando así se indicase polo/a interesado/a na solicitude de participación no proceso de selección.

8. A Resolución que conteña a composición do tribunal e a data, hora e lugar da valoración dos méritos e da proba práctica, publicarase no tablón de edictos do concello.

10- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

O procedemento de selección é o de concurso-oposición.

Os aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluídos da oposición os que non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo tribunal.

En calquera momento o tribunal poderá requirir ós opositores para que acrediten a súa personalidade.

Os candidatos deberán acudir provistos do DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou permiso de conducir.

A) FASE DE OPOSICIÓN: Puntuación máxima 12 puntos.

A fase de oposición consistirá na realización dunha proba relacionada coas funcións propias do posto de traballo: unha ou varias probas prácticas de albañilería, fontanería, xardinería, electricidade e/ou calquera outra relacionada

cas funcións do posto, durante o tempo que se determine polo Tribunal. Nesta proba valorarase especialmente a habilidade e aportación persoal do aspirante.

B) FASE DE CONCURSO: puntuación máxima 6 puntos.

1. EXPERIENCIA PROFESIONAL: puntuación máxima 4 puntos.

- a) Experiencia profesional en traballos como PEON-CONDUCTOR en administracións públicas: 0,30 puntos por mes, cun máximo por este concepto de 2,50 puntos.
- b) Experiencia profesional en traballos como PEON-CONDUCTOR en empresas públicas ou privadas do sector: 0,10 puntos por mes, cun máximo por este concepto de 1,50 puntos.

A experiencia profesional acreditarase coa copia compulsada dos contratos de traballo e informe da vida laboral actualizado.

2. CURSOS RELACIONADOS COAS FUNCIÓNS A DESEMPEÑAR: puntuación máxima 1 puntos.

- Pola participación ou asistencia a cursos (non se valorarán xornadas, seminarios ou simposios), relacionados co posto a desempeñar, organizados por universidades, escolas de administración pública, organismos de titularidade pública, ou demais entes de similar condición á anterior, ata un máximo de 1 puntos, de acordo coa seguinte valoración en proporción ó número de horas acreditadas:

- Duración de 51 a 150 horas, a razón de 0,50 puntos/curso.
- Duración de 151 a 300 horas, a razón de 0,75 puntos/curso.

Acreditarase a formación coa **copia compulsada** dos diplomas dos cursos realizados.

3. COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO: puntuación máxima 1 punto.

- Por cursos oficiais de lingua galega ou validación correspondente:

- Curso de perfeccionamento ou Celga 4: 0,50 puntos.
- Curso medio de linguaxe administrativa: 0,75 puntos.
- Curso superior de linguaxe administrativa: 1 punto.

No caso de posuír máis dun curso dos enumerados, valorarase solamente o de maior puntuación.

Acreditarase este apartado coa copia compulsada dos cursos ou da validación correspondente.

Os puntos obtidos na fase de concurso, sendo a puntuación máxima a otorgar nesta fase de 4 puntos, sumaranse á puntuación obtida na fase de oposición aos efectos de establecer a orde definitiva para formación da listaxe de reserva.

De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

1. Puntuación obtida no exercicio da fase de oposición.
2. Puntuación obtida na fase de concurso.

11. PROPOSTA DE NOMEAMENTO E CONTRATACIÓN.

Finalizado o procedemento selectivo, e establecida polo Tribunal a orde de preferencia dos candidatos segundo a puntuación obtida no dito proceso e o resultado dos recoñecementos médicos efectuados, publicarase a listaxe das persoas seleccionadas no Taboleiro de Anuncios do Concello, non podendo declarar que foron seleccionados un número maior de aspirantes ao de postos de traballo convocados, e o mesmo elevará a devandita relación á Alcaldía-Presidencia que ditará resolución de contratación.

12.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO E PERÍODO DE PROBA.

No tempo que medie entre a formalización do respectivo contrato e a incorporación do candidato ó posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

As persoas contratadas estarán obrigadas a prestar a súa xornada laboral na medida e forma requeridas polo interese do servizo, dacordo coa legislación aplicable, quedando sometidas a un período de proba, coa alcance previsto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, e estarán suxeitas á legislación laboral pertinente.

O contrato de traballo formalizarase cos aspirantes seleccionados, os cales deberán presentar a seguinte documentación no prazo de **2 días hábiles** a contar dende a publicación do resultado da selección:

- Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme (Anexo II).
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.
- Declaración do número de conta bancaria (IBAN).

13.- LISTAXE DE RESERVA.

Ao remate do proceso selectivo, elaborárase unha listaxe de reserva coas persoas aspirantes presentadas ao dito proceso por orde de puntuación, que terá vixencia durante o período de contratación.

As persoas que formen parte desta listaxe poderán ser chamadas por rigoroso orde de puntuación para a cobertura do posto obxecto da convocatoria, polo motivo de renuncia da persoa seleccionada, impedimento para ser contratado e outras circunstancias análogas que se poidan producir.

Cospeito, 21 de xullo de 2022.- O alcalde, Armando Castosa Alvariño,

ANEXO I**MODELO DE INSTANCIA PRAZA****-PEON CONDUCTOR**

D./D^a. - _____, con
DNI nº _____ e domicilio en - _____,
teléfono nº _____ .

EXPÓN:

- 1.- Que enterado/a da convocatoria realizada polo Concello de Cospeito para cubrir, mediante concurso-oposición, unha praza de peon de servizos múltiples, o prazo previsto nas bases.
- 2.- Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria, que declara coñecer.
- 3.- Que xunta coa presente instancia a seguinte documentación:
 - Copia compulsada do DNI ou documento que proceda en caso de extranxeiros.
 - Copia compulsada da titulación académica correspondente.
 - Vida laboral actualizada.
 - Documentación acreditativa dos méritos alegados, de conformidade co establecido nas bases da convocatoria. (Especificar a relación dos mesmos)
 - Acreditación do coñecemento do idioma galego, de ser o caso.
 - Permiso de conducir tipo C .

En base ao exposto,

SOLICITA:

Que se teña por presentada a presente solicitude xunto cos documentos que se acompañan e sexa admitido/a á realización das probas selectivas convocadas.

Cospeito, a ____ de _____ de 2022.

Asdo.: _____.

A/A: SR. ALCALDE-PRESIDENTE DEL Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 Lugo. Tfno. 982520001 . Fax: 982520102

Concello de Cospeito

ANEXO II

D./dona _____, con D.N.I. n.º _____
con domicilio a efectos de notificación en _____

DECLARA baixo xuramento:

- Non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza a que se opta.
- Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións por sentenza firme.

Cospeito, a ____ de _____ de 2022

Asdo.: _____

R. 2129

LÁNCARA

Anuncio

Decreto.- Láncara, 20 de xullo de 2022.

Vista a solicitude para celebración de matrimonio civil presentada neste concello por dona Sandra Fernández Paradela e don Alexandre Rodríguez Díaz.

Considerando que a xuíza encargada do Rexistro civil de Sarria autorizou con data 7 de xuño de 2022 a delegación para que o alcalde do concello de Láncara reciba o consentimento matrimonial.

Visto o artigo 51 do Código Civil, modificado pola Lei 35/1994, de 23 de decembro, sobre autorización de matrimonio civil polos alcaldes, e os artigos 124, apartado quinto, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, así como os artigos 43 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, resolvo

Primeiro. Delegar no concelleiro don Iago Bande Cortizo a competencia para a celebración do matrimonio civil entre dona Sandra Fernández Paradela e don Alexandre Rodríguez Díaz o día 24 de xullo de 2022 bastando con que na acta de autorización do matrimonio se faga constar que o concelleiro actúa por delegación do alcalde.

Segundo. Comunicar esta resolución ó concelleiro delegado e proceder á súa publicación no BOP Lugo.

Terceiro.- Dar conta desta delegación ó Pleno na primeira sesión que se realice.

Láncara, 20 de xullo de 2022.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 2094

PALAS DE REI

Anuncio

BASES POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A CREACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO PARA POSTOS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL NO CONCELLO DE PALAS DE REI.

1. - OBXECTO.

O obxecto destas bases é establecer as normas e procedemento xenérico para aumentar os/as candidatos/as da bolsa de emprego para cubrir prazas de persoal laboral temporal no Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Palas de Rei, que queden vacantes por motivos sobrevidos (baixas, vacacións, xubilacións, acumulación de tarefas, traballos estacionais,...) mentras as mesmas non se cubran polo procedemento xeral.

Nos postos de traballo que se cubran a través destas bolsas de emprego, os seleccionados prestarán servizos, de carácter temporal, no Concello de Palas de Rei, sendo o seu cometido levar a cabo as tarefas propias de cada posto ou calquera outra que lle poda encomendar a alcaldía, que garden relación cos postos a desempeñar e que afecten ó funcionamento do servizo público descrito como esencial para a cobertura de necesidades prioritarias, urxentes e inaprazables.

Inda que pasen a formar parte da bolsa non se poderá asinar contrato con aquelas persoas que xa estiveran traballando como persoal laboral do concello de Palas de Rei, a duración máxima do contrato eventual por circunstancias da produción será de 6 meses dentro de un período de 12 meses.

En caso de que non chegaran a ese máximo, poderá asinarse contrato polo tempo que reste ata esa duración máxima.

Non se terá en conta este límite para cubrir prazas que queden vacantes de forma definitiva xa que o período de tempo neste caso será ata que se cubran mediante o correspondente proceso selectivo.

O contrato terá un período de proba de dous meses (salvo nos casos en que dita persoa xa estivera traballando nestes postos de traballo no concello de Palas de Rei).

O non superar o período de proba supón que esa persoa quedará eliminada da lista de forma definitiva.

Tamen quedarán eliminadas da lista aquelas persoas que renunciaren á praza sin causa xustificada ou as que teñan un mínimo de tres apercibimentos escritos por incidencias no traballo.

As presentes bases publicaranse anuncio no BOP de Lugo, a as bases de convocatoria no Taboleiro de edictos do concello e na sede electrónica do concello de Palas de Rei.

2.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES.

Para ser admitidos na lista os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos á data de finalización de presentación de solicitudes e deberán gozar destes durante todo o prazo na que a mesma estea en vigor:

a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ó disposto no artigo 52 da lei 2/2015, de 29 de abril, do Empego Público de Galicia, permita o acceso ó emprego público.

Poden acceder ó emprego público como persoal laboral en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:

- As persoas que posúan nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.
 - As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.
 - As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.
 - As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- d) Estar en posesión da titulación esixida para a praza. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.
- e) Posuír coñecemento do idioma galego.
- f) Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.
- g) Cumprir, no momento de formalización do contrato laboral temporal, os requisitos esixidos na lei 53/1984, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.
- h) Contar con carnet de conducir B1 en vigor e vehículo propio para desprazamentos.

3.- INSTANCIAS. Os que desexen entrar a formar parte da bolsa para traballo temporal, deberán presentar solicitude no modelo oficial que se publicará como anexo a estas bases e que se lles facilitará nas dependencias municipais e na sede electrónica do Concello de Palas de Rei.

As solicitudes presentaránse no Rexistro Xeral deste concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, incluída a sede electrónica municipal (non é válido o envío a través de correo electrónico).

As solicitudes que non se presenten no Rexistro Xeral do Concello ou na sede electrónica, e se fagan a través doutros medios (correo, ventanilla única doutra administración, ...) deberán comunicalo dentro do prazo mediante correo a info@concellopalas.org, remitindo copia anexa da solicitude presentada. Serán excluídas todas as solicitudes que non remitan este avance por mail dentro do prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será de cinco días hábiles (non contan sábados, domingos e festivos) contados dende o día seguinte ó da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

4.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE.

Coas solicitudes deberá presentarse necesariamente a seguinte documentación:

- Copia do DNI ou pasaporte. Ademais, os/as aspirantes estranxeiros/as, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgún dos Estados ós cales, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexan de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Copia da titulación que se esixa.
- Copia do título de galego que se valore.
- Declaración responsable segundo o modelo que se inclúen nestas bases.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados para o concurso. Non se valorarán os méritos que non sexan efectivos antes de que remate o prazo de presentación de instancias.
- Copia de permiso de conducir B1
- Tarxeta de demandante de emprego ou mellora de emprego do SEPE.

5.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES E MESA DE AVALIACIÓN.

Serán admitidas as persoas aspirantes que presenten as solicitudes no prazo indicado e reúnan os requisitos establecidos nestas bases.

Os méritos dos aspirantes, valoraranse de acordo cos baremos establecidos nas bases. Os méritos deberanse posuírse na data en que remate o prazo de presentación de instancias, computándose, en calquera caso, ata a devandita data, sendo valorados así mesmo, só os que se aleguen coa presentación da instancia.

Non se valorarán os méritos que non sexan efectivos antes de que remate o prazo de presentación de instancias nin os que non se presenten coa solicitude. (En caso de que a documentación xa conste presentada con anterioridade no concello, servirá si fan referencia na solicitude ó expediente no que figura dita documentación).

6.- PUBLICACIÓN DAS LISTAS.

Rematada a cualificación das persoas aspirantes, elaborárase unha lista, que se exporá no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web, e contra a mesma poderán presentar reclamacións as persoas interesadas no prazo de tres días hábiles, contados a partir do día seguinte á súa exposición.

Transcurrido este prazo e, no seu caso, unha vez resoltas as reclamacións que se podan Transcurrido este prazo e, no seu caso, unha vez resoltas as reclamacións que se podan presentar, publicaráse a lista definitiva polos mesmos medios.

- PROCEDIMENTO PARA CUBRIR AS BAIXAS TEMPORAIS EXISTENTES.

Cando resulte necesario cubrir unha das prazas de forma temporal, avisarase aos integrantes da lista correspondente polo orde que figuren nela.

Este aviso faráse de forma individualizada para cada candidato a través de teléfono móbil ou correo electrónico.

No caso de que, no día hábil seguinte non se conseguise contactar co interesado procederáse a chamar ao seguinte da lista e así sucesivamente, o mesmo que no caso de que algún manifeste a súa renuncia. Destes chamamentos dará fé, mediante acta ó respecto, a secretaria-interventora A renuncia por causa xustificada (contrato laboral, baixa médica,...) non implicará a eliminación da lista, quedará en suspenso na mesma ata que volva a manifestar de forma expresa que quere reanudar os chamamentos en caso de que se produzan.

Si a renuncia non é por algunha causa xustificada, dita persoa quedará automaticamente eliminada da lista, o mesmo si renuncia voluntariamente ó contrato unha vez iniciado éste.

Unha vez personado o aspirante, formalizarase o correspondente contrato de interinidade coas condicións correspondentes a cada posto de traballo.

Unha vez finalizado o período de contrato, o aspirante reintegrarase nas listas, na orde correspondente.

8.- VIXENCIA DAS BOLSAS DE CONTRATACIÓN.

A vixencia destas bolsas de contratación será de dous anos, inda que, dependendo do resultado, si o número de persoas existente na lista e as súas circunstancias non permiten que as mesmas sexan operativas, poderá reducirse esa vixencia e sacar unha nova convocatoria.

9.- RECURSOS.

As presentes bases, así como cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, do Procedemento administrativo común das Administracións Pública.

Asimesmo, a xurisdicción competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdicción Social. Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer polos interesados recurso de reposición ante a alcaldía no prazo dun mes, previo ó contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xuzgado Contencioso-administrativo ou, a partir do día seguinte ó de publicación do seu anuncio no BOP

ANEXO I.- CONDICIÓNES ESPECÍFICAS DO POSTO DE TRABALLO.

1.- Relación xurídica co concello: Personal laboral temporal, Grupo de cotización 9 e salario bruto mensual 965€, mais a parte proporcional das pagas extras.

As vacacións correspondentes que non se podan disfrutar abonaránse ó final do contrato. Aplicaráselles os complementos retributivos previstos para este servizo en concreto.

Pagaranse os desprazamentos con vehículo propio, previamente xustificadas, a 0,19 €/km.

2.- Horario e condicións do posto de traballo: Tanto o horario de traballo como os traballos concretos a desempeñar indicaráselle polo responsable do departamento de servizos sociais segundo as necesidades dos servizos.

De todas formas o horario podería ser a xornada partida, de tarde e fins de semana e festivos, sempre respectando a normativa laboral aplicable e os acordos acadados na negociación colectiva.

3.- Titulación requirida: Conforme ó establecido na Resolución de 11 de decembro de 2017 da Secretaría de Estado de Servizos Sociais de Igualdade (BOE 30/12/2017), consideraranse os seguintes títulos e certificados:

- Título de formación profesional de grado medio de atención sociosanitaria ou equivalente.
- Certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas dependentes no domicilio.
- Técnico en coidados auxiliares de enfermería ou os equivalentes (técnico auxiliar de clínica, técnico auxiliar de psiquiatría e técnico auxiliar de enfermería).
- Técnico en atención a persoas en situación de dependencia ou o equivalente, técnico de atención sociosanitaria.
- Técnico superior en Integración social.
- Certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais.

4.- Requisitos específicos: Deberá contar con carné de conducir B1 e vehículo propio.

5.- Baremo do concurso:

a) EXPERIENCIA PROFESIONAL: - Experiencia laboral no Servizo de Axuda no Fogar xestionado directamente por concellos ou por outras administración públicas: 0,25 puntos por mes traballado ata un máximo de 6 puntos. (No caso de non ser xornada completa calcularase o tempo en proporción ó tipo de xornada).

- Experiencia laboral directamente relacionada co coidado de ancians ou persoas dependentes, en empresas privadas ou públicas: 0,25 puntos por mes traballado ata un máximo de 3 puntos. (No caso de non ser xornada completa calcularase o tempo en proporción ó tipo de xornada).

A experiencia profesional acreditarase mediante o correspondente contrato laboral acompañado da vida laboral, ou ben cun certificado de empresa onde consten todos os datos necesarios para realizar esta valoración. (Non se valorarán os méritos si os contratos non veñen acompañados da vida laboral ou si se presenta a vida laboral sin os contratos correspondentes).

b) FORMACIÓN: - Por cursos relacionados co posto de traballo. Máximo 2 puntos. 0,5 puntos por curso realizado.

Acreditaranse cos correspondentes diplomas oficiais.

c) COÑECEMENTO DO GALEGO:

- Contar co CELGA 1 ou equivalente: 0,5 puntos
- Contar co CELGA 2 ou equivalente: 0,75 puntos
- Contar co CELGA 3 ou equivalente: 1 puntos
- Contar co CELGA 4 ou equivalente: 1,25 puntos De contar con varios certificados únicamente se valorará o de maior puntuación.

d) CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS. Estar en situación de desemprego valorarase segundo da duración acreditada da mesma:

- mais de 12 meses consecutivos: 1 punto
- de 8 a 12 meses consecutivos: 0,75 puntos
- de 4 a 8 meses consecutivos: 0,5 puntos
- menos de 4 meses consecutivos: 0,25 puntos

Acreditarase mediante a tarxeta ou informe expedido pola Oficina de Emprego correspondente.

En caso de empate nas puntuacións da valoración, desempatarase coa puntuación obtida no apartado de experiencia profesional, quedando en posición superior a persoa que teña unha maior puntuación nese apartado.

Si aínda así continuase o empate, o mesmo desfarase coa puntuación acadada no apartado de formación.

En último caso o desempate farase por sorteo.

Palas de Rei, 20 de xullo do 2022.- O alcalde, José Taboada Camoira.

ANEXO II

SOLICITUDE PARA SER INCLUÍDO NA BOLSA DE EMPREGO COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA CUBRIR POSTOS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

D./D.^a _____ con DNI _____, con
endereço a efectos de notificación en _____,
teléfono _____ e correo electrónico _____

EXPOÑO:

1. Que tiven coñecemento da convocatoria anunciada polo Concello de Palas de Rei para a creación da Bolsa de Emprego para contratación laboral temporal que se indica.
2. Que coñezo e acepto as bases que rexen a formación de dita bolsa de emprego e que reúno os requisitos esixidos.
3. Que estou capacitado/a para o desempeño deste tipo de postos de traballo.
4. Que solicito ser incluído en dita bolsa de emprego e para iso presento a seguinte documentación: Copia do DNI ou pasaporte. Ademais, os/as aspirantes estranxeiros/as, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgún dos Estados ós cales, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexan de aplicación a libre circulación de traballadores.
Copia da titulación esixida e da documentación que acredite os requisitos mínimos.
Declaración responsable segundo o modelo que se inclúe nas bases xerais.
Documentación acreditativa dos méritos alegados para o concurso:

Por iso, SOLICITO:

Ser admitido/a na correspondente Bolsa de Emprego.

O/A abaixo firmante declara baixo a súa responsabilidade que son certos todos os datos obrantes na presente solicitude e que reúne todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos para participar na presente convocatoria, así como que acata integramente o contido das bases e que lle consta a información sobre protección de datos correspondente.

Palas de Rei, ____ de _____ de 2022

Sinatura: _____

ANEXO III

MODELO DE DECLARACIÓN XURADA

D./D^a. _____, con DNI _____,

DECLARA

baixo xuramento ou promete, ós efectos de ser admitido/a no proceso de elaboración de bolsas de emprego para cubrir postos de traballo temporais no concello de Palas de Rei, que:

A) Non foi separado/a mediante expediente disciplinario do Servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á que pertencía. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ó Emprego público nos termos anteriores.

B) Non atoparse incurso/a nas causas de incapacidade previstas na lexislación vixente.

C) Cumprir cos requisitos esixidos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó Servizo das administracións públicas.

En _____, a ____ de _____ de 2021.

O/A solicitante

Asdo:

Palas de Rei, 20 de xullo do 2022.- O alcalde, José Taboada Camoira.

R. 2095

POL

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 18 de xullo, aprobáronse as bases e a convocatoria para a constitución dunha bolsa de emprego para cubrir as posibles vacantes nos postos de auxiliar administrativo. As bases reguladoras estarán expostas na sede electrónica do Concello de Pol e no taboleiro de anuncios. Dada a urxencia da contratación, o prazo de presentación de solicitudes será de **5 días hábiles** a contar dende o seguinte ao da publicación do presente.

Pol, 19 de xullo de 2022.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 2103

XERMADE

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía número 279/2022 do 27 de xullo de 2022 aprobouse provisionalmente o padrón do imposto municipal das taxas de subministro de auga potable e recollida de lixo do 2º trimestre do 2022, e queda exposto ó público nas oficinas deste Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do seguinte ó da súa publicación no BOP, a efectos de revisión ou reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se transcorrido dito prazo non houbera ningunha.

O prazo para o pago do citado imposto en período voluntario fíxase entre os días 1 de agosto de 2022 e o 30 de setembro de 2022, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Contra as liquidacións incorporadas ó padrón tódolos interesados poderán interpor os recursos establecidos legalmente.

As repercusións do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

A falta de pagamento do canon de auga no período voluntario suporá a esixencia directamente ó contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Xermade, 27 de xullo de 2022.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 2130

XOVE

Anuncio

Remitida ó Concello a Matrícula do IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS para o exercicio de 2.022, unha vez confeccionado pola Axencia Estatal da Administración Tributaria-Delegación de Lugo, ponse de manifesto ó público, a parte cuxa xestión corresponde a este Concello, no Departamento de Tesourería, en horario de 9 a 14,00 horas, de luns a venres, no prazo de quince días, contados a partir do seguinte inclusive ó que apareza este anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e reclamacións.

Advértese que a inclusión do suxeito pasivo na matrícula, así como a súa exclusión ou alteración de calquera dos datos ós que a mesma se refire, constitúen actos administrativos contra os que cabe interpor, no prazo de quince días a contar do inmediato seguinte ó da terminación do período de exposición pública da matrícula, recurso de reposición perante o xefe da Dependencia de Xestión da Axencia Estatal da Administración Tributaria de Lugo, ou reclamación económico-administrativa, no mesmo prazo, perante o Tribunal Económico-Administrativo Rexional (Secretaría Delegada de Lugo), sen que se podan interpor, asemade, ámbolos dous recursos (art. 91 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais en relación co artigo 4 do Real Decreto 243/1995, de 17 de febreiro polo que se dictan normas para a xestión do Imposto sobre Actividades Económicas e se regula a delegación de competencias en materia de xestión censal do devandito imposto).

Xove, 20 de xullo de 2022.- O Alcalde. José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 2096

CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

Anuncio

Mediante Resolución da Presidencia do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento de data 15 de xullo do 2022, procedeuse á aprobación da convocatoria do procedemento para a creación dunha bolsa de emprego temporal de bombeiro- condutor para atender as necesidades temporais e interinidades no Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.

BASES REGULADORAS DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA A CONFECCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO TEMPORAL DE BOMBEIRO-CONDUTOR PARA ATENDER NECESIDADES TEMPORAIS E INTERINIDADES NO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

1.-OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto das presentes bases é a selección dos integrantes da bolsa de emprego temporal de bombeiros-condutores que prestarán servizo nos parques dependentes do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.

As ausencias a cubrir mediante esta bolsa de emprego serán aquelas derivadas de baixas médicas, permisos, vacacións ou vacantes con dereito a reserva de posto de traballo, entre outros, que o Consorcio determine.

A existencia de vacantes temporais no servizo non obriga ó Consorcio á cobertura das mesmas a través da presente bolsa de emprego, correspondéndolle ó Consorcio a determinación das vacantes a cubrir conforme ás necesidades do servizo.

O proceso selectivo que se seguirá para a selección dos integrantes desta bolsa será o de concurso, por ser un procedemento que permite unha maior axilidade, de conformidade co disposto no art.11.3, en relación co artigo 61.7 do RD 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

2.- DURACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO

Esta bolsa finalizará no momento en que se realicen os procesos selectivos para a cobertura definitiva das prazas de bombeiro-condutor no Consorcio Provincial de Lugo ou no momento en que se inicie un novo procedemento de bolsa para este mesmo fin.

3.- CARACTERÍSTICAS

As retribucións e demais condicións laborais serán as que correspondan en todo caso coas prazas obxecto de substitución.

A duración do nomeamento será en función das necesidades do servizo conforme ó determinado nas presentes bases.

As funcións do posto de bombeiro-condutor serán as seguintes:

1. Levar a cabo a intervención nos sinistros, de acordo coas instrucións do seu superior e as sistemáticas de actuación vixentes, para procurar o salvamento de persoas e bens.
2. Actuar con celeridade pero observando en todo momento condutas seguras para si mesmo, resto de persoal interviniente así como terceiros e vítimas.
3. Cumprir en todo momento a lexislación vixente en canto a normas de tráfico e circulación.
4. Realizar todos aqueles labores encomendados polos seus superiores que sirvan de apoio á actuación e ao máis eficaz control da situación.
5. Propiciar o traballo en equipo mediante a información continua da evolución do sinistro e dos resultados dos seus labores na zona de actuación na que interveña.
6. Manterse no posto ou lugar asignado ata nova orde ou a finalización dos seus labores, neste caso informará o seu superior sobre os resultados do seu traballo. Excepto nos casos de forza maior en que vexa en perigo a súa integridade física ou a de terceiros.
7. Cumprir na súa xornada de traballo as actividades, de conformidade co plan de ocupación acordado para o efecto.
8. Manter a destreza e habilidades necesarias para o adecuado manexo do material, observando as normas de seguridade específicas para cada útil ou ferramenta.

9. Responsabilizarse do equipo que forma a dotación de material persoal ou do vehículo asignado, coñecendo a disposición do mesmo e realizando as revisións pertinentes á substitución do servizo de acordo coa seguinte sistemática:

- a) Verificarase a existencia de todo o material habitual no vehículo e a súa localización adecuada.
- b) Comprobará o funcionamento e a necesidade de consumibles necesarios para o seu uso prolongado.
- c) Realizarase a limpeza do material e vehículo naqueles casos que proceda.
- d) Informarase o superior das situacións de anomalía, deterioración ou gasto que se observen.
- e) Despois de cada actuación repoñerase inmediatamente o material danado e os consumibles utilizados durante a mesma. Igualmente limparase e acondicionaranse nos casos que procedan.

De todas estas accións darase debida conta ao superior inmediato.

10. Realizar calquera tipo de actividade que se programe dentro da actividade propia dos Parques (visitas institucionais, visitas de colexios ou funcións de representación).
11. Manexar o vehículo durante a prestación de servizos, así como os elementos mecánicos mantendo en todo momento as prescricións de seguridade e as normas de circulación e utilización.
12. Realizar o mantemento básico dos vehículos, de acordo co programa de mantemento de instrucións fixadas para cada vehículo, dentro das correspondentes á súa categoría.
13. Realizar os labores necesarios para o rescate e avaliación dos accidentados en calquera intervención, tanto en apoio dos servizos sanitarios presentes no lugar como en ausencia destes.
14. Limpeza de cocheiras e lugares destinados a almacenaxes.
15. Realizar os labores propios de intervención, rescate ou auxilio en función da emerxencia tratada.
16. O mantemento básico, limpeza e conservación do equipo ao seu cargo ou na súa quenda.
17. Mantemento básico da orde e limpeza das instalacións do parque.
18. Exclúense expresamente os labores de coidado da contorna e instalacións e as funcións propias do persoal de limpeza e mantemento.
19. Cumprir as directrices marcadas polo Xefe/a de Quenda.
20. Cubrir estadillos ou outros mecanismos de control.
21. Calquera outra tarefa que sexa necesaria para a prestación do servizo de emerxencia, e ordenada polo seu superior xerárquico e que non supoña unha violación da relación contractual.

Este persoal do servizo, cando non actúen en emerxencias, realizará as tarefas encomendadas de mantemento preventivo, predictivo e correctivo programadas, probas funcionais de equipos e preparación destes, seguindo as indicacións dos respectivos fabricantes para garantir un funcionamento óptimo.

Igualmente participarán nos programas de adestramento conxuntos que se programen con outros servizos de emerxencias dentro da súa xornada laboral.

4.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Para poder tomar parte no presente proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos (art. 56 TREBEP):

1. Posuír a nacionalidade española ou a dalgúns dos Estados membros da Unión Europea, de conformidade co disposto nos artigos 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Así mesmo, poderán participar os estranxeiros con residencia legal en España.
2. Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
3. Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
4. Non acharse comprendido en ningunha das causas de incompatibilidade ou incapacidade establecidas na lexislación vixente para o persoal ao servizo das Administracións Públicas.
5. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario de ningunha das Administracións Públicas nin acharse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. Os aspirantes cuxa nacionalidade non sexa a española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á Función Pública.

6. Estar en posesión do Título de Graduado ESO, graduado escolar, formación profesional de primeiro grado ou equivalente, con arranxo á lexislación vixente. En todo caso, a equivalencia ou homologación de titulacións deberá ser achegada polo aspirante, mediante certificación expedida para o efecto, polo organismo oficial competente.

7. Estar en posesión do permiso de conducir da clase C.

8. Reunir as condicións físicas necesarias para a prestación do servizo e non encontrarse en ningún dos supostos de exclusión médica definidos para o posto de bombeiro-condutor.

Todos os requisitos esixidos deberán reunirse o día en que finalice o prazo de presentación de instancias e manterse durante toda a duración do proceso selectivo. Así mesmo, deberán posuírse durante o procedemento de selección ata o momento do nomeamento e deberán acreditarse formalmente con carácter previo.

5.- SISTEMA SELECTIVO

O sistema selectivo será o de concurso libre.

6.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

Os interesados presentarán a solicitude de inscrición segundo o modelo que se adxunta ás presentes Bases como Anexo, que estará a disposición dos interesados no Rexistro Xeral de Consorcio e na páxina web do consorcio: <https://salvamentolugo.org>

1) Lugar e prazo de presentación de solicitudes:

Presentaranse no Rexistro Xeral do Consorcio (Praza de san Marcos, 8 Lugo) ou a través das fórmulas establecidas no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, reguladora do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de **dez (10) días hábiles**, contados a partir do seguinte á publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Se a solicitude non se presenta no Rexistro do Consorcio, deberá poñelo en coñecemento da Entidade mediante correo electrónico (consorcio.incendios@deputacionlugo.org) ou fax (982260268) antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes.

2) Documentación. Á instancia acompañarase da seguinte documentación:

. Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos da nacionalidade do aspirante: DNI, pasaporte, tarxeta de residencia, así como calquera outro documento acreditativo da nacionalidade co alcance do establecido no artigo 57 do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

. Declaración responsable de reunir os requisitos esixidos na convocatoria

. Méritos alegables, ós que debe acompañarse a seguinte documentación:

• EXPERIENCIA PROFESIONAL:

- Experiencia profesional como bombeiro na Administración Pública:
- Certificado de prestación de servizos na Administración correspondente, no posto de bombeiro, onde figure o tempo de prestación de servizos neste posto de traballo, acompañado de vida laboral actualizada expedida pola Tesourería Xeral de Seguridade Social

Unicamente se valorarán neste apartado a experiencia en corpos de bombeiros pertencentes a calquera administración pública nas que o postos desempeñados teñan a denominación de bombeiro (bombeiro, bombeiro-condutor ou similares). De acordo co anterior non se valorará neste apartado a experiencia profesional noutras categorías profesionais distintas.

Para a determinación das entidades que teñen a consideración de Administración Pública estarase ao establecido no artigo 2.3 tanto da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común, como na Lei 40/2015 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas.

- Experiencia profesional como bombeiro en empresas privadas:
- Contrato de traballo, nóminas, certificado de empresa ou calquera outro documento expedido pola empresa que permita acreditar que o posto de traballo desempeñado foi o de bombeiro, acompañado de vida laboral actualizada expedida pola Tesourería Xeral de Seguridade Social.

Unicamente se valorarán neste apartado a experiencia en corpos de bombeiros en empresas privadas nas que o postos desempeñados teñan a denominación de bombeiro (bombeiro, bombeiro-condutor ou similares). De acordo co anterior non se valorará neste apartado a experiencia profesional noutras categorías profesionais distintas.

- Experiencia profesional como persoal de extinción de incendios e salvamento dos servizos de extinción de incendios e salvamento de Galicia.

- Certificado de prestación de servizos como persoal de extinción de incendios e salvamento expedido polo servizo de extinción de incendios e salvamento do que se trate, acompañada de vida laboral actualizada expedida pola Tesourería Xeral de Seguridade Social.
- Prestación de servizos como voluntario de protección civil nunha agrupación de voluntarios de protección civil oficialmente rexistrada.
- Certificado expedido polo representante da agrupación de voluntarios de protección civil debidamente rexistrada, onde conste o tempo de servizos prestados como voluntario
- SUPERACIÓN DE PROBAS SELECTIVAS:
- Superación de probas selectivas para cubrir en propiedade ou de forma interina prazas de bombeiro que se efectuasen por calquera Administración Pública:
- Certificado de participación ou superación, no seu caso, das probas selectivas expedido pola Administración respectiva indicando denominación da proba, data de realización e puntuación obtida en cada un dos exercicios completos (probas físicas, probas prácticas, exame teórico).

Non se terán en conta os méritos que se xustifiquen por outros medios de acreditación distintos do certificado expedido pola propia Administración convocante onde conste a superación dos exercicios.

Unicamente se valorarán neste apartado a superación de probas selectivas para cubrir en propiedade ou como interino prazas de bombeiros de convocatorias efectuadas por calquera Administración Pública, nas que o postos a cubrir teñan a denominación de bombeiro (bombeiro, bombeiro-condutor ou similares). De acordo co anterior non se valorará a superación de de probas selectivas para cubrir en propiedade ou como interino outras categorías profesionais distintas.

Para a determinación das entidades que teñan a consideración de Administración Pública estarase ao establecido no artigo 2.3 tanto da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común, como na Lei 40/2015 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas

- Superación de probas selectivas nas convocatorias realizadas por empresas privadas concesionarias do servizo contra incendios e salvamento ó servizo das Administracións Públicas:
- Certificado de participación ou superación, no seu caso, das probas selectivas expedido pola empresa privada concesionaria deste servizo indicando denominación da proba, data de realización e puntuación obtida en cada un dos exercicios completos (probas físicas, probas prácticas, exame teórico).

Non se terán en conta outros medios de acreditación distintos do certificado expedido pola propia empresa concesionaria convocante onde conste a superación dos exercicios.

Unicamente se valorarán neste apartado a superación de probas selectivas nas convocatorias realizadas por empresas privadas concesionarias do servizo contra incendios e salvamento ó servizo das Administracións Públicas, nas que o postos a cubrir teñan a denominación de bombeiro (bombeiro, bombeiro-condutor ou similares). De acordo co anterior non se valorará a superación de probas selectivas nas convocatorias realizadas por empresas privadas relativas a outras categorías profesionais distintas.

• FORMACIÓN

- Estar en posesión do certificado de cualificación profesional como bombeiro, ciclo medio de emerxencias ou titulación equivalente.
- Deberá presentarse a copia compulsada da titulación acreditada.
- Estar en posesión do curso de formación para bombeiros de novos ingreso, impartido pola AGASP, ou titulación equivalente.
- Deberá presentarse a copia debidamente compulsada da titulación acreditada.
- Contar con un curso básico de Prevención de Riscos Laborais de 50 horas ou superior:
- Deberá presentarse a copia debidamente compulsada da titulación acreditada.
- Por cursos de formación relacionados directamente coas tarefas do posto de traballo de bombeiro, de duración mínima 30 horas:
- Deberá presentarse a copia debidamente compulsada da titulación acreditada.

Unicamente valorarase a documentación que permita acreditar de xeito indubidable e fidedigno estar en posesión da formación sinalada nos parágrafos anteriores.

7.- TRÁMITE DE ADMISIÓN

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, ditarase resolución, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos (con mención expresa do motivo de exclusión no seu caso), que se fará pública no Taboleiro de anuncios do Consorcio e na páxina web da entidade, concedéndose aos aspirantes un prazo de **cinco (5) días hábiles** para a corrección de solicitudes e presentación de reclamacións. Se transcorrese devandito prazo sen que se formule reclamación algunha, a lista elevarase a definitiva automaticamente sen necesidade de nova resolución nin publicación.

Así mesmo, xunto á publicación das listas provisionais será obxecto de publicación a composición do Tribunal Cualificador. Contra o nomeamento dos membros deste tribunal se poderá presentar no prazo de tres (3) días hábiles solicitude de recusación. Se transcorrese devandito prazo sen que se formule reclamación algunha, a composición elevarase a definitiva automaticamente sen necesidade de nova resolución nin publicación.

8.- VALORACIÓN DOS ASPIRANTES

O tribunal, con base na documentación presentada polos aspirantes, procederá á valoración e puntuación da mesma en sesión única.

9.- CALIFICACIÓN DEFINITIVA

O concurso será valorado conforme ás puntuacións establecidas no ANEXO I das presentes bases.

A cualificación final dos aspirantes virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nos distintos apartados do concurso.

En caso de empate o orde será establecido atendendo a maior puntuación no apartado de experiencia, e en caso de persistir o empate, primará a superación de procesos selectivos para prazas en propiedade, e se aínda así persistise o empate estaríase á puntuación obtida no apartado de formación, e no seu defecto, mediante sorteo.

O tribunal elevará proposta provisional de aprobación da bolsa de emprego á Presidencia do Consorcio de acordo co sinalado na base 11, e na que se incluírá a relación das puntuacións obtidas por todos os aspirantes. A proposta provisional de aprobación da bolsa de emprego e a relación coas puntuacións obtidas por todos os aspirantes publicarase no Taboleiro de anuncios do Consorcio e na páxina web da entidade, e disporán dun prazo de **dous días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da súa publicación, para presentar as reclamacións que consideren oportunas. No caso de presentarse reclamacións serán resoltas polo tribunal, e publicadas no Taboleiro de anuncios do Consorcio e na páxina web da entidade, xunto coa proposta definitiva de aprobación da bolsa de emprego. De non presentarse reclamacións no prazo sinalado, a proposta provisional de aprobación da bolsa de emprego entenderase definitiva.

10.- CONFORMACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO

A bolsa de emprego estará conformada por un número de efectivos non superior a 50 persoas, correspondéndose cos 50 mellor cualificados, sendo a orde para o seu chamamento a formada pola suma total das cualificacións do concurso.

De esgotarse os chamamentos da bolsa, e en caso de urxente necesidade, ou ata a constitución da nova bolsa, poderase efectuar chamamentos a persoas non incluídas inicialmente na bolsa.

11. TRIBUNAL CALIFICADOR

O Tribunal Cualificador destas probas selectivas axustarase na súa composición aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e tenderá, na medida do posible, á paridade entre muller e home, de conformidade co artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

O órgano de selección estará composto polo presidente e catro vocais e será asistido por un secretario:

- a) PRESIDENTE: Un empregado público designado pola Presidencia do Consorcio.
- b) SECRETARIO: O do Consorcio ou un empregado público en quen delegue, que actuará con voz e sen voto.
- c) VOGAIS: Catro empregados públicos de categoría igual ou superior ás da praza/posto/emprego convocado, designados pola Presidencia do Consorcio. Os membros do Tribunal de Selección poderán pertencer a calquera das Administracións Públicas.

Todos os membros do Tribunal de Selección deberán posuír un nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o ingreso na praza/posto/emprego convocado e pertencer ao mesmo grupo ou grupos superiores ao asimilado para dita praza/posto/emprego.

Os membros do Tribunal Cualificador deberán de absterse de formar parte do mesmo cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, comunicándoo á Corporación.

O nomeamento dos membros do Tribunal incluírá o dos seus suplentes, a quen lles será de aplicación as mesmas prescricións.

A solicitude do Tribunal Cualificador poderá dispoñerse a incorporación de asesores especialistas. Devanditos asesores colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas e terán voz, pero non voto. Cando o número de aspirantes así o aconselle, o Tribunal Cualificador poderá designar colaboradores administrativos, que baixo a supervisión do Secretario do Tribunal permitan garantir un áxil e adecuado desenvolvemento do proceso selectivo.

Contra os actos e decisións do Tribunal Cualificador poderase interpoñer polos interesados recurso de alzada ante o Presidente do Consorcio, de conformidade co establecido no artigo 112.1º da citada Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se estime oportuno.

O Tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten durante o desenvolvemento da convocatoria, tomando os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, no caso de que non estivese contemplado nas presentes bases.

Para cada un dos titulares designarase un suplente.

O tribunal de cualificación deberá constituírse na data que designe o Presidente, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros, titulares ou suplentes, no que se incluírán presidente/a e secretario/a. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

A partir da sesión de constitución do tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións ás bases reguladoras desta convocatoria, e no que lle sexa de aplicación á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Os membros do tribunal percibirán as indemnizacións nas condicións recollidas no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

12.- FUNCIONAMENTO DA BOLSA

A inclusión na bolsa de emprego non outorga dereito algún a favor dos incorporados á mesma, senón exclusivamente expectativa de chamamento nos casos en que se produzan vacantes ás que se refire a mesma e se acorde polo órganos competentes do Consorcio a súa cobertura.

O nomeamento de persoal con carácter temporal só poderá realizarse con persoas incluídas na mencionada bolsa de traballo.

Os integrantes da bolsa deberán realizar un recoñecemento médico e cumprir coas obrigas de información en materia de prevención de riscos laborais con carácter previo ó exercicio da súa actividade. A negativa a realizar este recoñecemento, así como a recibir a información sobre riscos laborais, ou a non superación das mesmas, suporá a inmediata exclusión da bolsa de traballo.

Para continuar formando parte da bolsa deberán superar unha serie de probas prácticas relacionadas co posto de traballo no primeiro parque no que presten servizo, sobre as que o Xefe de Parque emitirá un informe, que comprenderá ademais aspectos relativos á capacidade e suficiencia para o desempeño das tarefas para as que temporalmente foi designado.

A bolsa terá carácter rotatorio, establecéndose a relación laboral polo tempo estritamente necesario para a substitución dos traballadores do Consorcio, dentro das categorías previstas nestas bases.

As contratacións faranse seguindo a orde establecida na bolsa, de xeito que a primeira contratación que se produza será a da primeira persoa na lista.

Finalizada a relación laboral que se orixine o bolseiro incorporarase inmediatamente á bolsa, correspondéndolle o posto que ocupaba segundo a súa puntuación obtida no concurso.

Cando se produza a necesidade de efectuar nomeamentos para cubrir interinidades de vacante, os chamamentos para a incorporación de aspirantes da bolsa iniciaranse segundo a orde de posición na lista, ofertando a incorporación por orde de maior puntuación e incluíndo tamén a aquelas persoas que xa estean prestando servizos no Consorcio no momento do chamamento, e realizando, en caso de renuncias, sucesivos chamamentos ata que se produza a cobertura da vacante.

A forma normal de localización será vía e-mail ou chamada telefónica, de conformidade cos datos consignados na solicitude, que deberán ser debidamente comunicados por escrito en caso de cambio ou variación, sendo responsabilidade exclusiva do solicitante tanto os erros na súa consignación como a falta de comunicación de calquera cambio.

En caso de realizarse un chamamento urxente, o xefe de Parque correspondente contactará telefonicamente, por orde, con todos os integrantes da lista, e contratando ó primeiro co que se logre contactar, e debendo este tomar posesión no prazo máis breve de tempo desde o recibo da notificación.

O persoal de bolsa seralle de aplicación a normativa vixente en materia de incompatibilidades.

Será causa de baixa na bolsa:

- Rexeitar unha oferta sen causa xustificada.
- Renunciar a un nomeamento despois de haberse comprometido a facelo, ou abandono do posto de traballo unha vez nomeado.
- Incumprimento das normas sobre incompatibilidades
- Falsidade na documentación presentada.
- A non presentación da documentación precisa para a normalización do nomeamento.
- A revogación do nomeamento por motivos disciplinarios.
- A negativa a someterse a revisión médica e a información de riscos laborais, ou a non superación da revisión médica.
- A non superación do período de proba ou prácticas.
- A negativa a acudir a convocatorias de formación do Consorcio, salvo causa xustificada.

A baixa será para todo o período de vixencia da bolsa.

Considéranse causas xustificadas para rexeitar unha oferta, non dando lugar a baixa na bolsa:

- Estar traballando cando se lle realice a oferta.
- Estar en situación de incapacidade temporal, maternidade ou paternidade ou risco durante o embarazo.

13.- TRANSPARENCIA NA XESTIÓN DA BOLSA

Dos nomeamentos derivados desta bolsa de traballo, así como do estado de xestión da mesma darase conta ó Comité de Empresa con carácter trimestral.

Os integrantes da bolsa de emprego terán dereito a coñecer en calquera momento o seu posto ordinal na mesma, así como os postos de traballo que foron substituídos a través da bolsa.

14. VINCULACIÓN DAS BASES.

As presentes Bases vinculan ao Consorcio, ao Tribunal de selección e a quen participe no procedemento selectivo. Tanto as Bases, como cuantos actos administrativos deriven da convocatoria e da actuación do Tribunal de selección poderán ser impugnados polos interesados nos casos, prazos e forma establecida na Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

15. REXIME DE RECURSOS.

Contra estas Bases, que poñen fin á vía administrativa, poderá interpoñerse polos interesados recurso potestativo de reposición ante a Presidencia do Consorcio, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á súa publicación.

Tamén poderá interpoñerse alternativamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo con sede en Lugo no prazo de dous meses, de conformidade co establecido nos artigos 8, 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que sexa procedente e estimen oportuno.

Contra os actos e decisións do Tribunal Cualificador poderase interpoñer polos interesados recurso de alzada ante o Presidente do Consorcio, de conformidade co establecido no artigo 112.1º da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se estime oportuno.

ANEXO I - MÉRITOS OBXECTO DE VALORACIÓN

O Tribunal valorará os méritos aportados polos aspirantes de acordo co seguinte baremo:

- **EXPERIENCIA PROFESIONAL (Máximo 70 puntos)**
 - Experiencia profesional como bombeiro na Administración Pública (Máximo 30 puntos)

Valorarase con 0.5 puntos por mes completo traballado como bombeiro, nos dez anos anteriores a esta convocatoria, xa sexa funcionario ou persoal laboral, en corpos de bombeiro pertencentes a calquera Administración Pública.

Non se valorará o tempo de prácticas, nin períodos inferiores a un mes.

A xornada parcial computarase en función do porcentaxe de xornada realizado.

- Experiencia profesional como bombeiro en empresas privadas (Máximo 25 puntos)

Valorarase con 0,4 puntos por mes completo traballado como bombeiro en empresas privadas, dentro dos dez anos anteriores a presente convocatoria.

Non se valorará o tempo de prácticas, nin períodos inferiores a un mes.

A xornada parcial computarase en función do porcentaxe de xornada realizado.

- Experiencia profesional como persoal de extinción de incendios e salvamento dos servizos públicos de extinción de incendios e salvamento de Galicia (Máximo 10 puntos)

Valorarase con 0,2 puntos por mes completo traballado como bombeiro forestal no servizo de extinción de incendios e salvamento de Galicia, dentro dos 10 anos anteriores a presente convocatoria.

Non se valorará o tempo de prácticas, nin períodos inferiores a un mes.

A xornada parcial computarase en función do porcentaxe de xornada realizado.

- En aplicación do disposto na Lei 5/2007, terase en conta o tempo de prestación de servizos a partir dun ano como voluntario inscrito nunha agrupación de voluntarios de protección civil oficialmente rexistrada segundo se establece no Decreto 56/2000, do 3 de marzo (Máximo 5 puntos)

Valorarase con 0,1 por cada mes completo de servizos prestados como voluntario de protección civil, debidamente acreditado, contado a partir dun ano de prestación de servizos, e dentro dos 10 anos anteriores a presente convocatoria.

• **SUPERACIÓN DE PRBAS SELECTIVAS (Máximo 20 puntos)**

- Outorgarase 2 puntos pola superación de cada un dos exercicios completos (probos físicas, probos prácticas e exame teórico) dentro das probos selectivas previstas nas convocatorias para cubrir en propiedade ou como interino prazas de bombeiros, que se efectuasen por calquera Administración Pública dentro dos 10 anos anteriores a presente convocatoria.
- Outorgarase 0.5 puntos pola superación de cada un dos exercicios completos (probos físicas, probos prácticas e exame teórico) dentro das probos selectivas previstas nas convocatorias para cubrir prazas de bombeiros, que se efectuasen por calquera empresa privada concesionaria do servizo contra incendios e salvamento ó servizo da Administración Pública.

C) FORMACIÓN (Máximo 10 puntos)

- a) Concederase 4 puntos a aqueles aspirantes que acrediten estar en posesión do certificado que acredite a súa cualificación profesional como bombeiro, Ciclo Medio de Emerxencias e Protección Civil ou titulación equivalente.
- b) Concederase 4 puntos a aqueles aspirantes que acrediten estar en posesión dun curso de formación para bombeiros de novo ingreso, impartido pola AGASP, ou titulación equivalente.
- c) Concederase 1 punto a aqueles traballadores que contan con un curso básico de Prevención de Riscos Laborais de como mínimo 50 horas.
- d) Por cursos de formación relacionados directamente coas tarefas do posto de traballo de bombeiro, de duración mínima 30 horas, outorgarase 0,50 puntos por curso, ata un máximo de 4 puntos.

MODELO DE SOLICITUDE PARA A PARTICIPACIÓN NO PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO TEMPORAL DE BOMBEIRO-CONDUCTOR PARA ATENDER NECESIDADES TEMPORAIS E INTERINIDADES NO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	DNI
DOMICILIO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	C.P.	DATA DE NACEMENTO	IDADE
TELÉFONO FIXO		TELÉFONO MOBIL	
		Acepto expresamente comunicacións vía telemática	
EMAIL		ESTUDOS ACREDITADOS	NACIONALIDADE
Acepto expresamente miña integración no servizo de notificación electrónica fidedigno			
<p>DECLARA BAIXO SUA RESPONSABILIDADE:</p> <p>O abaixo asinante, ten coñecemento das bases e da convocatoria que rexe o proceso de selección para</p> <p>A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO TEMPORAL DE BOMBEIRO-CONDUCTOR PARA ATENDER NECESIDADES TEMPORAIS E INTERINIDADES NO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO</p> <p>E declara baixo súa responsabilidade:</p> <p>Primeiro. - Que coñece e acepta íntegramente as bases da convocatoria publicadas no BOP.</p> <p>Segundo. - Que reúne todos e cada uno dos requisitos esixidos en ditas Bases e convocatoria, referidos á data de expiración do prazo de presentación da instancia.</p> <p>Terceiro. - Que son certos os datos consignados nesta solicitude, asumindo as responsabilidades a que haxa lugar no caso de falsidade na mesma ou na documentación presentada, sendo excluído automaticamente do proceso selectivo.</p> <p>Cuarto.- Que acepto, expresamente, as comunicacións telemáticas ao número de teléfono móbil consignado e as notificacións electrónicas fidedignas á conta de correo electrónico consignada.</p> <p>Quinto. - Que non teño sido inhabilitado, nin separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública.</p> <p>Sexto. - Que a documentación aportada é copia fiel da orixinal, comprometéndome a aportar os orixinais da documentación, en relación cos requisitos de acceso e titulación, no caso de ser seleccionado, a requirimento do Consorcio, de conformidade co establecido nas bases reguladoras deste proceso de selección.</p>			

SOLICITA:

Que sexa admitida esta solicitude ao proceso de selección que se teña por presentada, a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do documento acreditativo da nacionalidade do aspirante: DNI, pasaporte, tarxeta de residencia, etc.
- Fotocopia compulsada da documentación acreditativa dos méritos alegables polo interesado, segundo o baremo que figura no anexo I da convocatoria.

Lugo a , _____ de _____ de 2022.

(SIGNATURA DO INTERESADO)

SR. PRESIDENTE DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

Lugo, 19 de xullo de 2022.- O Secretario-Interventor, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2097
